

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTABLECE A PERIODICIDADE DE REMISIÓN DE CERTIFICADOS DE EXECUCIÓN DE GASTO FINANCIADO OU COFINANCIADO CON FONDOS DO FEOGA-GARANTÍA, A EFECTOS DO INDICADO NA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PRESUPOSTOS, DO 5 DE SETEMBRO DE 2000, SOBRE A APLICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL DA ORDE DO 27 DE XULLO DE 2000.

As peculiaridades que afectan á xestión dos recursos procedentes do FEOGA-Garantía, particularmente as referidas ó cumprimento dos prazos de pago previstos pola normativa de aplicación e os derivados do Convenio de colaboración subscrito entre esta Comunidade Autónoma e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o prefinanciamento das axudas con cargo a este tipo de fondos, determina a necesidade de axiliza-lo proceso de transferencia de créditos ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia, organismo coordinador e principal xestor deste tipo de recursos na Comunidade Autónoma.

Na súa consecuencia, en uso da facultade conferida pola Disposición final da Orde do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento da xestión presupostaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, díctase a seguinte



INSTRUCCIÓN:

A remisión polo ILGGA das certificacións de execución de gasto, financiado ou cofinanciado con fondos do FEOGA-Garantía, á que se refire a Resolución desta Dirección xeral, do 5 de setembro de 2000, efectuarase coa periodicidade necesaria para o cumprimento dos prazos de pago previstos na normativa de aplicación.

A esa mesma finalidade deberá supeditarse pola Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, o prazo para o recoñecemento da obriga e a proposta de pago no seu presuposto, por un importe igual ó que acade o gasto certificado polo organismo autónomo.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2000

O DIRECTOR XERAL



Asdo. Juan José Novoa Montero